

CONVOCATORIA DE PROBA PARA A AMPLIACIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A ELECTRÓNICO/A NA CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA, S. A.

1. OBXECTO

Selección de 5 persoas para a ampliación de listaxes de contratación temporal na categoría de Técnico/a Electrónico/a para cubrir as necesidades existentes na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S. A.

2. PUBLICIDADE

A convocatoria, listaxes e o calendario de celebración das probas publicaranse na páxina web da CSAG, <https://www.crtvg.gal/gl/ofertas-de-emprego>, medio polo que se xestionarán todas as comunicacións relacionadas co desenvolvemento do proceso selectivo.

O anterior sen prexuízo da publicación noutros medios coa finalidade de dar publicidade á convocatoria.

3. DEFINICIÓN DA CATEGORÍA LABORAL

A categoría engloba ás persoas que posúen as características ou desenvolven as funcións, e poidan asumir as tarefas ou as responsabilidades, que se especifican a continuación:

Exerce funcións, eminentemente prácticas, de construción electrónica, mantemento, operación, explotación e inspección técnica. Colabora na planificación e desenvolvemento das instalacións da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. Asiste tecnicamente os servizos da CSAG e mantén no seu perfecto estado de funcionamento todo o material técnico dos centros de emisión.

Ten iniciativa propia, e deberá axustarse á normativa técnica existente no tocante ao mantemento preventivo e ao asesoramento técnico.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder presentarse ao proceso de selección, será obrigatorio o cumprimento dos seguintes requisitos á fin do prazo de presentación de solicitudes:

4.1. Requisitos xerais:

4.1.1. Ter 16 anos de idade.



4.1.2. Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores desa idade que vivan ás súas expensas. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.

4.1.3. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

4.1.4. Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública, dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trata de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de ser persoa nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

4.2. Requisitos específicos:

4.2.1. Estar en posesión da titulación dalgúns dos seguintes ciclos: Ciclo Superior de Mantemento electrónico, Ciclo Superior de Sistemas de telecomunicación e informáticos ou Ciclo Superior de Sistemas electrotécnicos e automatizados ou equivalentes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5. TRIBUNAL

5.1. O tribunal encargado de valorar as probas será nomeado polo órgano convocante e publicado con posterioridade, unha vez aprobadas as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas.

5.2. O desenvolvemento do proceso realizarase consonte os principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade, concorrencia competitiva, transparencia e deberase garantir o segredo das probas.

5.3. As persoas membros do órgano de selección asinarán unha declaración de non atoparse incursas en ningún dos motivos previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Se á vista das listaxes de participantes observasen que concorren nelas algúns dos motivos citados deberán absterse de participar e notificaranllo á persoa que efectuou o nomeamento.

As persoas aspirantes poderán recusar as persoas que integran o tribunal cando concorran nelas algunha das circunstancias referidas no parágrafo anterior consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A autoridade que convoca publicará na páxina web da CSAG (www.csag.gal) a resolución correspondente pola que se nomeen as novas persoas membros do tribunal que substituirán ás que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas nesta base.

5.4. Adoptaranse os medios necesarios para que as persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33% que precisen adaptacións poidan desenvolver as probas en condicións de igualdade.

5.5. A persoa coa condición de lingüista encargarse de elaborar e cualificar en exclusividade a proba de galego. O resto das persoas que compoñen o tribunal encargaranse da elaboración e puntuación do resto das probas, coa excepción da persoa que ostente a secretaría, que non elaborará as probas nin as puntuará.

5.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas coa condición de asesoras especialistas para todas o algunha das probas, que se limitarán ao exercicio exclusivo das súas especialidades técnicas, polas que colaborarán co órgano de selección. Deberán absterse de participar cando concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público e notificaranllo ao órgano que convoca.

6. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN E LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

6.1. As persoas aspirantes deberán enviar por correo electrónico ao enderezo proceso.seleccion@crtvg.gal unha solicitude, segundo modelo do anexo I, e a documentación que se indica a continuación:

6.1.1. Curriculum vitae.

6.1.2. Fotocopia do DNI.

6.1.3. Acreditación do requisito académico solicitado no que conste a nota media do expediente (certificado do título ou similar).

As persoas que no momento da publicación da presente convocatoria estivesen prestando servizos na CSAG non terán que presentar a documentación acreditativa do cumprimento do requisito de titulación.

6.1.4. Certificado correspondente ao nivel de coñecemento de lingua galega do Celga 3 ou superior.

6.1.5. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade acreditada igual ou superior ao 33% deberán facer constar no anexo I se precisan de adaptación de tempo e/ou medios para a realización da proba e achegar o certificado da discapacidade onde conste o grao.

6.1.6. Declaración responsable, segundo o Anexo III, para as persoas que teñan acreditado un ano de experiencia laboral na mesma categoría na CSAG ou teñan superado a fase de oposición dun proceso selectivo convocado para a categoría para o ingreso como persoal laboral fixo da CSAG.

6.2. O prazo de recepción de solicitudes remata o **30 de abril de 2026**.

6.3. As persoas que posúan o Celga esixido estarán exentas da realización da proba de galego. Para a acreditación deberán achegar o certificado xunto á solicitude.

6.4. As persoas solicitantes que non achegasen a documentación requirida quedarán excluídas do proceso.

6.5. O órgano convocante publicará na páxina web de CSAG a listaxe provisional de persoas admitidas entre as aspirantes que cumpran todos os requisitos e presenten toda a documentación.

De entre os/as participantes que cumpran todos os requisitos e presenten toda a documentación, o tribunal seleccionará os quince (15) expedientes con maior nota media .

As persoas que teñan acreditado un ano de experiencia laboral na mesma categoría na CSAG ou teñan superado a fase de oposición dun proceso selectivo convocado para a categoría para o ingreso como persoal laboral fixo da CSAG poderán acceder á realización das probas aínda que non figuren dentro do límite establecido para os expedientes con maior nota media.

Contra estas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas poderanse presentar alegacións ou emendas do defecto que motivou a exclusión no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes. Non se poderán presentar solicitudes fóra do prazo sinalado para o efecto.

As alegacións serán enviadas ao enderezo electrónico proceso.seleccion@crtvg.gal. O órgano convocante resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de cinco (5) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de persoas admitidas na páxina web da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A. Xunto coa listaxe definitiva publicarase a relación de persoas exentas de realizar a proba de coñecemento de lingua galega por acreditaren estar en posesión do Celga correspondente.

7. REALIZACIÓN DAS PROBAS

7.1. Poderanse presentar ás probas as persoas que figuren na listaxe definitiva de persoas admitidas.

A data de realización de todas as probas será acordada polas persoas membros do Tribunal e anunciarase na páxina web da CSAG.

7.2. A valoración de coñecementos farase a través das seguintes probas, todas elas obrigatorias:

7.2.1. Unha proba teórica tipo test (30 puntos).

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de trinta preguntas (30) preguntas tipo test, propostas polo tribunal, máis cinco (5) preguntas de reserva, sobre o contido do programa recollido como anexo II desta convocatoria. Cada pregunta conterà catro respostas alternativas das cales só unha delas será a correcta. As respostas incorrectas non penalizarán.

O exercicio terá unha duración máxima de trinta (35) minutos e cualificarase de 0 a 30 puntos.

7.2.2. Un exercicio práctico sobre o contido do programa recollido no anexo II (70 puntos).

A parte práctica consistirá na realización dun suposto ou supostos que permitan verificar e avaliar os aspectos relacionados co manexo dos equipamentos técnicos, de medida e control descritos no Anexo II da presente convocatoria. Os obxectivos serán:

- Avaliar a capacidade da persoa candidata para identificar, desoldar e substituír correctamente compoñentes básicos nunha PCB (resistencias, condensadores, fusibles ou integrados), empregando ferramentas de soldadura, desoldadura e manipulación de compoñentes electrónicos.
- Interpretar medidas (usando osciloscopio, vectorscopio ou analizador de espectro) e realizar o axuste dun sinal audiovisual (vídeo SDI/UHD ou audio AES) para a súa correcta calibración segundo estándares broadcast.
- Interpretar esquemas técnicos e realizar conexións audiovisuais ou de control, garantindo a correcta terminación e compatibilidade de sinais.
- Verificar a integridade e caracterizar tecnicamente as liñas de transmisión dunha contorna broadcast.

O tempo máximo para realizar esta proba será de 20 minutos por participante e cualificarase de 0 a 70 puntos.

Para superaren o proceso, as persoas aspirantes deberán obter unha cualificación mínima de 50 sobre 100 na suma total de todas as probas, sen contar a proba de lingua galega.

7.2.3. Un exercicio tipo test de coñecemento de lingua galega

Esta proba, de carácter eliminatorio, terá un grao de dificultade consonte o programa do certificado Celga esixido na convocatoria e as súas cualificacións serán unicamente de apto ou de non apto. Para ter a cualificación de apto deberase obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10. A cualificación de non apto significará a exclusión do proceso. Estarán exentas de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga correspondente. En caso de non acreditar a posesión do nivel correspondente de Celga, a non superación da proba de lingua galega significará a eliminación do proceso.

O exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de dez (10) preguntas tipo test, propostas polo tribunal, máis dúas (2) preguntas de reserva. Terá unha duración de 12 minutos.

A non superación da proba de lingua galega significará a eliminación do proceso.

8. RESULTADO DAS PROBAS REALIZADAS

O tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas na páxina web da CSAG.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións contra os resultados provisionais de cada proba no prazo de cinco (5) días naturais desde a súa publicación. As alegacións enviaranse ao enderezo electrónico proceso.seleccion@crtvg.gal.

O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco (5) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de puntuacións.

9. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATES

Para os efectos de confeccionar a listaxe definitiva de aprobados no suposto de que se produza un empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, a orde de prelación virá dada pola aplicación dos seguintes criterios de desempate:

1º. Aspirante de sexo feminino, cando na categoría se dean as condicións de infrarrepresentación previstas na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

2º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio práctico.

3º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio teórico.

4º. Aspirante de maior idade.

5º. Aspirante elixido por sorteo, para o caso de persistir o empate.

10. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

10.1 O tribunal publicará na páxina web da CSAG as listaxes definitivas de puntuacións, especificando quen superou/superaron o proceso, que non poderá superar o número de aspirantes nos que se pretende ampliar a listaxe.

10.2. As persoas que superen o proceso de selección serán automaticamente incluídas na listaxe de contratación temporal correspondente á categoría convocada, segundo as seguintes disposicións:

10.2.1. A ampliación da listaxe de contratación ao abeiro desta convocatoria será válida aos efectos de cubrir as necesidades de contratación temporal da CSAG na categoría indicada, sen que xere efecto ningún na adquisición de indefinición ou fixeza laboral.

10.2.2. As persoas que superasen o proceso, sen exceder o número máximo que figure na convocatoria, incluíranse na listaxe pola orde acadada e sempre a continuación da última persoa que figure na listaxe derivada das OPE celebrada. Estas persoas manterán o seu posto na listaxe.

10.2.3. Esta listaxe será de aplicación para as contratacións temporais realizadas a través deste procedemento e terá vixencia ata a resolución de novas Ofertas Públicas de Emprego.

10.3. As persoas seleccionadas deberán posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se derivan do correspondente contrato laboral. Só para estes efectos, a CSAG poderá esixir ás persoas seleccionadas un informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

No caso de que a persoa aspirante seleccionada non acredite contar con estes requisitos, declinarase a proposta a favor da persoa seguinte con maior puntuación.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos facilitados polas persoas aspirantes serán tratados pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S. A. (CSAG), entidade prestadora do servizo de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio social en Bando, San Marcos, s/n, Santiago de Compostela

Os datos persoais facilitados no currículo e aqueles outros que se faciliten durante o proceso de selección serán tratados co fin de valorar e xestionar as solicitudes de emprego e, se é o caso, levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal e, agás que a persoa interesada indique a súa vontade en contra, serán conservados cos fins indicados durante todo o período das prácticas, e da vixencia da listaxe de contratación se fose o caso, polo que será responsabilidade das persoas interesadas mantelos actualizados, xa que serán utilizados para comunicar as futuras vacantes que se axusten ao perfil e poidan resultar do interese das persoas aspirantes.

Ás persoas aspirantes daráselles unha folia de consentimento voluntario de tratamento de datos, informándoas de que os datos das persoas interesadas serán tratados sobre a base do seu consentimento, que poden retirar en calquera momento, suposto no que a súa candidatura poderá non ser tida en conta nos procesos de selección de persoal da CSAG. No caso de retirar o seu consentimento, iso non afectará á licitude dos tratamentos efectuados con anterioridade.

Santiago de Compostela, a 23 de abril de 2026



CORPORACIÓN
DE SERVIZOS
AUDIOVISUAIS
DE GALICIA
Departamento de
Áreas das Persoas

Víctor Tubío Villar

Director da Área de Xestión das Persoas da CSAG





ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA AMPLIACIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A ELECTRÓNICO/A

Nome e apelidos	
Nº DNI, NIE...	
Enderezo	
Enderezo electrónico	
Teléfono	

Grao de discapacidade	
Adaptación de tempo e/ou medios	

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA	
	Curriculum vitae
	Fotocopia DNI
	Acreditación da titulación e da nota media do expediente
	Certificado de discapacidade
	Certificado de estar en posesión do nivel do Celga requirido
	Declaración responsable

En _____ a _____

Asdo: _____

ANEXO II

PROGRAMA DO PROCESO SELECTIVO

TEMA 1.-DEREITO AUTONÓMICO EN MATERIA DE IGUALDADE:

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.

TEMA 2.- Tecnoloxía electrónica, resistencias lineais e lóxica combinacional. Potenciómetros. Condensadores. Diodos e transistores. Montaxes con transistores. Amplificadores operacionais. Corrente alterna e corrente continua. Fontes de alimentación conmutadas e sistemas redundantes. Circuitos de protección (fusibles, varistores e filtrado).

TEMA 3.- Microfonía e sistemas de son, procesamento de sinais sonoros, formatos de audio analóxicos e dixitais, conectores e transporte de sinais de audio, funcionamento e operatividade dos equipos dun estudio de son. Loudness (EBU R128).

TEMA 4.- Colorimetría e óptica. Nocións básicas. Espazos de cor e gamuts: Representación no diagrama de cromaticidade CIE 1931. Estándares de televisión: Rec. 709 (HDTV), Rec. 2020 (UHDTV). Wide Color Gamut (WCG).

TEMA 5.- Sinal de vídeo dixital SDI: estándares SMPTE 259M, 292M, 424M e 2082-1. Sinal de audio analóxico e sinal de audio dixital e sobre IP (AES67, Dante, Ravenna). PTP (Precision Time Protocol - IEEE 1588)

TEMA 6.- Vídeo de alto rango dinámico (HDR). Producción UHD/HDR: 4K, estándares HLG (Hybrid Log-Gamma) e PQ (Perceptual Quantizer), SMPTE 2110, HDR10+/Dolby Vision, monitorización (waveform HDR).

TEMA 7.- Equipamento profesional nun entorno de produción audiovisual: cámaras de estudio e monitores HDR. Diagrama de bloques. Captura de imaxes. Procesamento analóxico e dixital. Transmisión por cable (tríax e fibra) e transmisión sen fíos. Formatos de gravación (internos e externos). Mesturadores de vídeo. Editores non lineais. Servidores de vídeo. Xeradores de efectos dixitais. Tituladores. Equipos gráficos. Matrices de conmutación. Mesturador de son. Xeradores de sincronización. Equipos de monitorización de vídeo. Equipos de monitorización de audio. Intercom. Altosfalantes, sistemas de escoita personalizados, medidores de audio. Tipos de fibra e conectores.

TEMA 8.- Equipos de medida e control: polímetro, osciloscopio, monitor de audio, monitor de forma de onda, vectorscopio e monitor de imaxe. Analizador de espectro. Medidor de intensidade de campo. Medidor VU, picómetro e vatímetro. Medidor de modulación. Analizador de audio.



TEMA 9.- Liñas de test e barras UER, parámetros e procedementos de medición. Medicións de sinal de televisión dixital. Medicións e unidades de sinal de audio.

TEMA 10.- Mantemento de estudos, sistemas de continuidade, controis técnicos e salas técnicas, sistemas de edición, posproducción (vídeo e audio) e sistemas de son. Equipamento que comprende o equipo audiovisual. Técnicas de diagnóstico e resolución de problemas para equipos de imaxe e son. Técnicas de mantemento correctivo, actualizacións, reconfiguración e verificación de equipos de imaxe e son.

TEMA 11.- Sinal de control de iluminación DMX512, protocolo ArtNet e RDM. Sistemas SACN (Streaming Advanced Control Network).

TEMA 12.- Informática (software). Sistemas operativos. Coñecemento de redes a nivel de diagnóstico. Redes de control IP en equipamento profesional audiovisual. KVM sobre IP. Solucións de produción baseadas en virtualización de equipos (Cloud Broadcasting).

TEMA 13.- Xestión da planimetría e documentación dunha instalación Broadcast.



ANEXO III
DECLARACIÓN RESPONSABLE

_____ con DNI _____, declaro:

- Ter experiencia laboral dun ano na CSAG na categoría convocada neste proceso
- Ter superada a fase de oposición dun proceso selectivo convocado para a categoría para o ingreso como persoal laboral fixo da CSAG

E para que así conste e para os efectos da participación no presente proceso de selección, asino a presente declaración en _____ o _____ de _____ do _____ .

